



CABANAS

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓN S LOCAIS REALIZADAS O DÍA 24 DE MAIO DE 2015.

No Salón de Sesión s da Casa do Concello de Cabanas, sendo as doce horas do día trece de xuño de 2015 de acordo co disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, reúnese en sesión pública os señores concelleiros electos nas elección s locais do 24 de maio de 2015, que a continuación se citan: D. Manuel González López, D. Julián Ramón Seijas Criado, D^a.Esperanza Gayoso Pereiro, e D^a Ana Rosa Méndez Eiroa, polo PP, D. Delfín Feal Pereira, D.Carlos Ladra Brage e D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro polo PSdeG-PSOE, D. Iago Varela Martínez polo BNG, D^a. María Eva García Amor pola AEC, e D. Xosé Manuel Pérez Sardiña por PDDdG, asistidos polo Secretario da Corporación D. Antonio López Vila.

Non asiste o concelleiro electo D. Germán Castrillón Permuy cabeza de lista da candidatura do Partido Popular, por estar ingresado no Servizo de Cirurxía do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide de Ferrol, segundo xustificante de dito centro hospitalario, que se incorpora ao expediente.

Aberto o acto polo Secretario, da lectura ao disposto no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de aplicación na constitución de novas Corporación s, así como, a relación dos once concelleiros electos que constan na acta remitida pola Xunta Electoral de Zona.

Formación da Mesa de idade e constitución da Corporación.


A seguir, e segundo o disposto no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, procédese a forma-la Mesa de idade, quedando constituída por D^a.Esperanza Gayoso Pereiro, concelleira electa de maior idade dos asistentes que pasa a presidi-la e polo concelleiro electo de menor idade D. Carlos Ladra Brage, actuando como Secretario o da Corporación.

A Mesa de acordo co establecido no artigo 195 da citada Lei Orgánica 5/1985 procede a comprobación das credenciais presentadas segundo o establecido no artigo 7 do mencionado Regulamento, as cales da lectura o Secretario e resultan ser de conformidade coa certificación remitida pola Xunta Electoral de Zona de Ferrol

Así mesmo, o Secretario fai constar o cumprimento por parte de tódolos concelleiros electos da presentación das declaración s que sinala o artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, sen que ningún dos reunidos manifieste que resulte afectado por causas de incompatibilidade sobrevida despois da súa proclamación

Tendo en conta que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e do artigo 37.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e que concorre a esta sesión a maioría absoluta de concelleiros electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral

xeral, de prestar xuramento ou promesa segundo o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril utilizando como base a seguinte formula: "Prometo/Xuro pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Cabanas, con lealdade ó Rei, e gardar e facer garda-la constitución como norma fundamental do Estado", agás o concelleiro de PDDdG que utilizan a fórmula " Como galego solidario e partidario da democracia real, por esixencia legal prometo acatar a Constitución" e o concelleiro do BNG que utiliza a fórmula "Prometo por imperativo legal acatar a constitución, así mesmo prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Cabanas comprometéndome a defender os intereses xerais da veciñanza e do pobo galego; D. Manuel González López, D^a. Esperanza Gayoso Pereiro, D. Julian Ramón Seijas Criado, D. Delfín Feal Pereira, D. Carlos Ladra Brage, D^a. Concepción Rodríguez Ferrreiro, D. Iago Varela Martínez, D^a. María Eva García Amor e D. Xosé Manuel Pérez Sardiña cumprimentan dito requisito baixo a modalidade de prometo e D^a. Ana Rosa Méndez Eiro baixo a modalidade de xuro.



Visto que se deu cumprimento ao disposto no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, a presidenta da mesa declara constituída a Corporación Municipal do o Concello de Cabanas despois das eleccións municipais do día 24 de maio de 2015.

Elección de Alcalde.

Seguidamente, de acordo co disposto no artigo 196 da Lei 5/1985, procédese a proclamación de candidatos para elección de Alcalde, que se corresponden cos concelleiros que encabezan as correspondentes listas das eleccións celebradas o 24 de maio de 2015, e que son os seguintes:

- D. Germán Castrillón Permuy, por PP.
- D. Delfín Feal Pereira, por PSdeG-PSOE.
- D. Iago Varela Martínez, por BNG.
- D^a. María Eva García Amor, por AEC.
- D. Xosé Manuel Pérez Sardiña, por PDDdG.

A continuación procédese a elección de Alcalde mediante votación secreta por papeleta, depositando os membros da Corporación o seu voto nunha urna; rematada a votación a Mesa procede ó escrutinio, co seguinte resultado:

- Votos emitidos, once (10).
- Votos válidos, once (10).
- Votos en branco, ningún(0)
- Votos nulos, ningún (0).
- D. Germán Castrillón Permuy, catro (4) votos.
- D. Delfín Feal Pereira, cinco (5) votos.
- D^a. María Eva García Amor, un (1) voto.
- D. Xosé Manuel Pérez Sardiña, cero (0) votos.
- D. Iago Varela Martínez, cero (0) votos.



CABANAS

En consecuencia non obtendo a maioría absoluta ningún candidato, de acordo co establecido no artigo 196.c) da Lei 5/1985, a Sra. Presidente da Mesa proclama Alcalde electo a D. Germán Castrillón Permuy por ser o concelleiro que encabeza a lista que obtivo maior número de votos populares no Municipio.

Ante a ausencia xustificada do Alcalde electo D. Germán Castrillón Permuy o Secretario da lectura ao establecido no seu informe coas disposicións de aplicación, en especial artigo 40.3 do ROF, e posibles solucións, inda que non expresamente recollidas na normativa vixente van dirixidas á inmediata solución dos problemas que ocasiona a falta de Alcalde, estimando que a proposta de acordo máis áxil sería a seguinte:

1º. Apreciar a causa xustificada que impide ao Alcalde electo D. Germán Castrillón Permuy prestar xuramento e tomar posesión do cargo ó abeiro do artigo 40.3 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

2º. Habilitar ó Secretario Municipal como fedatario público do Concello, para que, de non haber impedimento do equipo de facultativos que asiste ó Alcalde electo, se persoe no prazo de 48 horas no Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol aos efectos de tomarlle xuramento ou promesa do cargo de concelleiro e logo do cargo de Alcalde, levantando a correspondente acta de toma de posesión, da que tomará coñecemento a Corporación en sesión que se celebrará ao efecto o próximo día 15 as 20 horas.

A Corporación por unanimidade acorda aprobar a proposta anterior.

Acta de arqueo e bens da Corporación:

A continuación dáse lectura ó estado da tesourería e acta de arqueo cos documentos xustificativos que presentan o seguinte resultado:

Existencia en metálico:

Caixa Corporación:.....19.790,84 euros
 NCG Banco S.A. conta nº ES13 2080 0201 9831 1000 0052..... 42.787,40 euros
 Banco Popular S.A. conta nº ES71 0238 8155 7506 61000624 3.632,64 euros
 NCG Banco S.A. conta nº ES02 2080 5164 1730 4000 1235.....457.280,57 euros
 Caixabank S.A., conta nº ES94 2100 5486 5102 0001 0305.....28.760,51 euros
 Total..... 552.251,96 euros.

Existencia en valores:

Caixa Corporación:.....160.900,46 euros.

Estado execución orzamento:

Exercicio	Obrigas reconecidas	Pagado	Pendente pago.	Dereitos reconecidos	Recadación líquida	Pendente cobro
Corrente	983.786,84	983.786,84	-	995.962,63	995.962,63	-
Pechados	294.022,60	286.389,54	7.633,06	821.133,72	481.961,74	339.171,98

En relación coa débeda, o estado é o seguinte:

Entidade	Nº de préstamo	Importe inicial	Importe utilizado	Importe pte. Amortización
NCG Banco S.A.	0201-25.081-2	237.575,00	237.5785,00	136.135,59
Préstamo PAI da Deputación Prov.	-	158.335,70	45.451,55	45.451,55

NCG Banco S.A. Exc. Sent. Penso	En trámite	396.277,31	0,00	0,00
------------------------------------	------------	------------	------	------

Así mesmo dáse conta que no relativo a bens municipais non existe inventario actualizado de bens municipais o cal é obrigatorio segundo o establecido no Regulamento de Bens das Entidades Locais, e debendo ter a súa repercusión na contabilidade municipal.

Cumprido o obxecto da convocatoria da presente sesión a presidenta da Mesa agradece a asistencia a este acto institucional e participación nestas eleccións locais, espera unha lexislatura moi interesante sendo consciente de que para sacar adiante proxectos importantes necesitarase moito diálogo e acercamento aos grupos da oposición, espera que eles tamén estean a altura para que Cabanas sega medrando; manifesta a súa gratitude aos concelleiros da anterior Corporación pola labor desenvolvida e felicitación aos membros da Corporación recentemente constituída, de maneira especial aos que se incorporan a actividade política local.

Hoxe queda constituída a décima Corporación da etapa democrática iniciada en 1979, e debemos ter presente que representamos aos veciños e sentírnos unidos nun único proxecto de construír o futuro de Cabanas, máis próspero, mellor calidade de vida e maior benestar social para os veciños; recorda que o Alcalde electo D. Germán Castrillón está convalescente de intervención cirúrxica e que no pleno que poida asistir agradecerá o voso apoio e traballo.

Despois de informar do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidenta levanta a sesión sendo as doce horas e trinta e cinco minutos da cal como Secretario dou fe.

O Secretario

